



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 28 de febreiro de 2020

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:
 - I. Acta da sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2020.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

2. Proposta da Alcaldía relativa á Solicitud de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL relativa a costes de vacacións e substitucións do persoal cedido polo Concello nas concesións administrativas de Recollida RSU e Limpeza Viaria.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



3. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do REC 2/2010 e levantamento de reparo interposto pola Intervención Municipal.
4. Moción do Grupo Político PP para instar ao goberno a aboar a débeda pendente a Galicia (Ditame).
5. Moción do Grupo Socialista para instar o goberno unha reforma urxente do financiamento autonómico para garantir a autonomía e suficiencia das CCAA, e singularmente de Galicia. (Ditame).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

6. Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do Convenio á conformidade ás actuacións previas á transmisión da titularidade a este Concello do Tramo 1 DO VIAL DE ACCESO AO FARO DE TOURIÑÁN por parte da Autoridade Portuaria da Coruña a favor deste Concello.
7. Proposta da Concelleira de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego relativa ao MANIFESTO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER" 8 MARZO 2020".
8. Moción do 8 de marzo presentada polo BNG. (Ditame).
9. Moción para dar solución aos problemas de pediatría na Costa da Morte presentada polo BNG (Ditame).
10. Moción para a mellora da atención pediátrica en atención primaria na Costa da Morte, presentada polo grupo socialista. (Ditame).

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

11. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 35/2020 do 23 de xaneiro á Nº 125/2020 de 20 de febreiro.
12. Dar conta ó Pleno da execución trimestral do orzamento 4º trimestre 2019.
13. Mocións de urxencia.
14. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, luns 24 de febreiro de 2020

A secretaria, Rocío Hermida Cancela